

Autores

Aparecen as entregas terceira e cuarta dos 'Contos maravillosos'

Miranda, Reigosa e Cuba seguen a reescribir a tradición oral galega

REDACCIÓN. M.D.

Os escritores e etnógrafos lugueses Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba continúan co seu minucioso labor de quitarlle o po á tradición oral galega. Aínda está recente o estupendo *Diccionario de seres míticos* e xa chegan ás librerías as entregas terceira e cuarta dos *Contos maravillosos*. Como é habitual, cada volume inclúe tres historias —unha de cada autor— elaboradas en base a contos tradicionais e adubias por unhas ilustracións espléndidas.

A sinxeleza e plasticidade estilísticas que cultivan os tres escritores acáelle ben á tarefa en cuestión. Trátase de reescribir contos que xa estaban fixados en letra impresa pero que, en todo caso, proceden dos eidos da oralidade. A liña narrativa popular distínguese pola claridade, e a iso son fieis tanto Miranda como Cuba e Reigosa.

Cada conto vese complementando por unha serie de notas onde se informa, moi polo miúdo, sobre as versións existentes do relato, os lugares onde foi recollido e a súa tipoloxía.

O nome do equipo etnográfico *Chaira* sae a relucir máis dunha vez, como non podía ser menos, dado que Reigosa e Ramiro Cuba son dous dos seus integrantes. Xa no *Diccionario dos seres míticos* tiraran partido



Xerais edita os contos nun formato atractivo para os nenos

do abundoso volume de información que xestiona ese grupo.

É un erro pensar no público infantil como único destinatario potencial da serie. Seguramente

todo aquel que non perdera por completo a inocencia lectora. O pracer de narrar e o pracer de ler, que se di a miúdo. Sen esquecer que os contos de raíz popular con frecuencia dan cabida a grandes e pequenas cuestións que atinguen á preocupante condición humana.

■ **ILUSTRACIÓNS.** Sería inxusto falar sobre os *Contos maravillosos* obviando a parte gráfica, que ten unha calidade fóra do común na ilustración infantil —manifesto coa cursiva as miñas reservas ante o apelativo—, e iso que o nivel de debuxantes en Galicia é, ó noso entender, moi alto.

O volume terceiro da serie está iluminado polos debuxos de Fino Lorenzo, auténticos *collages* conceptuais que apelan á intelixencia do lector adulto tanto como á fascinación do lector neno. Os debuxos de Rocio Martínez para *Contos maravillosos IV*, moito máis sinxelos en realización e concepto, desprenden unha tenrura infantil que resulta, cando menos, conmovedora.

A risco de parecer comisionados de Xerais, hai que calificar de *recomendable* que os pais e nais —se é que lles preocupa algo a apertura mental dos seus cativos— vaian introducindo na biblioteca infantil estes títulos. E que os abran de cando en vez.

os máis dos lectores dos *Contos maravillosos* sexan cativos, pero o certo é que a proposta literaria da tríada de lugueses resulta do máis engaiolante para